

Informe anual de transparencia 2021




A publicación do presente informe está aliñado co cumprimento do ODS 16, e en particular, coa meta 16.6 que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade



16 PAZ, XUSTIZA E
INSTITUCIONS
SOLIDAS



**OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE**



Índice

Introdución.	2
Grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa.	4
Estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública.	6
Portal de transparencia.	8
Reclamacións presentadas ante a Comisión de Transparencia de Galicia.	12
Posición nos <i>rankings</i> de transparencia.	13
Portal de datos en aberto.	16
Plan de financiamento das universidades de Galicia 2022-2026.	17
Informe de fiscalización do Consello de Contas.	19

Introdución.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013) e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016), inclúen as universidades públicas e as entidades vinculadas ou dependentes delas no seu ámbito de aplicación.

A Universidade de Vigo, en virtude da súa potestade regulamentaria e de auto organización, desenvolve no seu ámbito as disposicións que as leis anteditas indican. Neste senso apróbase, en sesión do Consello de Goberno do 9 de outubro do 2017, o regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo. Dito regulamento establece na universidade os mecanismos e os procedementos internos relacionados coas obrigas de publicidade activa, co dereito de acceso á información pública e co bo goberno.

Por outra banda, a Universidade de Vigo leva anos comprometida coa transparencia e o rendemento de contas ao publicar a información sobre os resultados da súa actividade a través da súa páxina web. O froito deste compromiso, e das obrigas e os compromisos das distintas normativas, trasládanse ao regulamento, o que permiten situar a Universidade de Vigo entre as administracións máis activas e responsables. Neste senso, o regulamento amplía as obrigas de información que debe ser publicada, ao recoller a previsión do artigo 6.2 da Lei 1/2016, que permite un réxime máis amplo en materia de publicidade activa. Regúlanse así mesmo os rexistros de actividades e de bens patrimoniais dos altos cargos, completando a normativa aplicable. Desenvólvense igualmente aspectos relacionados co bo goberno, o goberno aberto e os mecanismos de participación cidadá e da comunidade universitaria.

No devandito regulamento tamén se establece no **artigo 22** a obriga, por parte da Secretaría Xeral e en coordinación coa Unidade de Análises e Programas, de realizar un informe anual relativo ao grao de cumprimento da normativa de transparencia. Dito informe recollerá:

- a) A avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta normativa.
- b) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública.
- c) Os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos.
- d) A relación de reclamacións presentadas contra denegacións de solicitudes de acceso e do sentido da súa resolución por parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

En cumprimento do anterior realízase o seguinte informe anual correspondente ao ano 2021, co contido seguinte: avaliación do grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte da Universidade de Vigo e dos restantes suxeitos obrigados, estatísticas relativas ao dereito de acceso, datos sobre a información consultada no Portal de transparencia e a relación de reclamacións presentadas contra a denegación de solicitudes de acceso e do sentido da súa resolución por parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

A Universidade de Vigo alía as súas políticas coa **Axenda 2030**, orientando a súa estratexia de responsabilidade social cara a consecución dos denominados 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). As diversas actuacións en transparencia que se presentan neste informe axudan á nosa Universidade no cumprimento

do **ODS 16**, en particular, a **meta 16.6** que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade.

A cuestión máis destacable deste informe de transparencia de 2021 é o alto grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa, e destaca en particular, coma a universidade galega que mellor compre as obrigas de publicidade activa en materia económica-financeira fixadas na lei galega de transparencia e bo goberno, segundo o informe de fiscalización das universidades públicas galegas aprobado na sesión de 22 de outubro de 2021 polo Consello de Contas de Galicia.

A finais de decembro de 2021 publicábase no DOG o Acordo do Consello da Xunta de Galicia pola que aprobou o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026, e incluíu transparencia como un indicador para o reparto económico do subfondo “*panel de indicadores*”, ligando así o desempeño da transparencia coa obtención de recursos financeiros.

No relativo ás solicitudes de dereito de acceso, cun total de 18 das cales unha é unha solicitude arquivada e 17 concesións. Temos tamén unha reclamación presentada ante a Comisión de Transparencia de Galicia, que foi inadmitida.

En relación coa información máis consultada no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo, perdemos información respecto ós informes de anos anteriores ao non poder estudar cales son as páxinas visitadas por non ter dispoñibles os accesos ao Portal

Con respecto á posición da Universidade de Vigo nos rankings, hai que destacar que a Fundación Compromiso e Transparencia (agora denominada Fundación Haz), no seu informe “Exame de transparencia 2019. Informe de transparencia voluntaria na web das universidades españolas”, coloca á Universidade de Vigo no terceiro posto, manténdose entre as universidades transparentes, durante o ano 2021 non fixo a habitual avaliación anual, aínda que se publicaron aqueles indicadores que permitirían a Universidade de Vigo cumprir o 100% dos mesmos. Por outra banda na clasificación de transparencia da entidade Dyntra, a Universidade de Vigo tiña en setembro do 2021, a segunda posición, cumprindo 126 dos 137 indicadores.

Grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa.

A Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dedica o seu capítulo II, do título I, á publicidade activa, indicando cales deben ser os principios xerais e cal debe ser a información que está suxeita á mesma. Os suxeitos da lei están obrigados a publicar, de forma periódica e actualizada, a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública. Así, debe ser obxecto de publicidade activa: a información institucional, organizativa e de planificación; información de relevancia xurídica e información económica, orzamentaria e estatística. Tamén a Lei galega 1/2016, de transparencia e bo goberno, dedica o seu capítulo II, do título I, a establecer cales son as obrigas de publicidade activa, adicionais ás fixadas pola normativa básica e que tamén amplían as establecidas pola Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Marcando novas obrigas de publicidade sobre información institucional, de relevancia xurídica ou de materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

O Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 09/10/2017, tamén ocupa o seu capítulo II á publicidade activa. No seu artigo 5 indícase que a Universidade e as demais entidades incluídas no ámbito de aplicación do antedito regulamento publicarán a información prevista na lexislación estatal e autonómica de transparencia. Ademais publicará información sobre a actividade docente, a actividade investigadora e a transferencia do coñecemento e actividade de extensión universitaria.

No artigo 7 do Regulamento de transparencia da nosa Universidade, indícase que se disporá dun portal web que facilita o acceso gratuíto da cidadanía á información suxeita ás obrigas de publicidade activa de xeito claro, accesible, estruturado, interoperable e reutilizable. A información publicada no portal será actualizada permanentemente, con indicación expresa da data a última actualización e, de ser posible, a data en que se volverá actualizar.

Atendendo as obrigas recollidas na normativa anterior créase unha **táboa de obrigas de publicidade activa** que debe cumprir a Universidade de Vigo. Dita táboa, recolle unha descrición da información que debe ser publicada, o apartado do portal no que debe ser publicado, a fonte dos datos publicados, a quen corresponde a responsabilidade de publicación, a norma e artigo que recolle a obriga de publicación, e o momento da actualización periódica.

Debemos ter en conta que o número de indicadores (preceptos legais) veñen marcados pola normativa de aplicación á Universidade de Vigo. Así vemos que na “Ley 19/2013 de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno”, implica a necesaria publicación dun total de **19 indicadores** relativos á: información institucional, organizativa e de planificación, información de relevancia xurídica e información económica, orzamentaria e estatística.

Con respecto á Lei autonómica 1/2016, de transparencia e bo goberno, é necesaria a publicidade dun total de **51 indicadores**, referentes ás seguintes áreas: información institucional, organizativa e de planificación, información sobre as relacións coa cidadanía, información de relevancia xurídica, información en materia de persoal, información económica, orzamentaria e estatística, información patrimonial, información sobre a contratación pública, información sobre a concesión de servizos públicos e información sobre subvencións.

Por outra banda o Regulamento de transparencia da Universidade de Vigo recolle a obriga de publicar un total de **17 indicadores**, a maior parte deles relacionados no apartado publicidade activa, no que atopamos información sobre: oferta académica, indicadores incluídos nos procedementos de verificación, seguimento e acreditación das titulacións oficiais, información sobre resultados de seguimentos e acreditación das titulacións oficiais, información sobre os resultados relacionados co rendemento académico, resultado de avaliación da docencia e das titulacións, información sobre o resultados dos programas de internacionalización, os indicadores de inserción laboral das persoas egresadas, guías docentes, perfil do profesorado, canles de representación e comunicación co alumnado, información sobre a estrutura de investigación e transferencia, así como composición dos grupos de investigación, información sobre os principais resultados da actividade investigadora, e sobre os resultados relacionados coa transferencia, resultados da oferta de cursos e obradoiros, así como das actividades culturais e deportivas. Tamén se publica a información propia do rexistro de actividades e bens patrimoniais de altos cargos, así como sobre os mecanismos de participación (cartas de servizo e sistema de queixas, suxestións e parabéns).

En relación con outra normativa que tamén implica obrigas sobre a publicidade de información debemos destacar, que a Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018 que, na súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, que no seu punto cuarto indica que cada Administración Pública deseñará un plan de control do absentismo, que debe ser obxecto de difusión pública, a través do respectivo Portal de Transparencia. En dito portal serán tamén obxecto de publicación os datos de absentismo, clasificado por causa, cunha periodicidade polo menos semestral.

Como vemos son un total de **89** items, indicadores ou informacións detalladas que procuran aportar a máxima transparencia sobre a actividade da nosa institución. Deses 89 items cumprimos un total de 86, a falta de publicar o plan de absentismo laboral e de cumprir axeitadamente o disposto no artigo 11, apartado c, da Lei 1/2016, sobre os plans económico-financeiros aprobados para o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como información sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e estabilidade financeira, tal como indica o Consello de Conta no seu informe de fiscalización aprobado o 22 de outubro de 2021. Información máis detallada do contido dos mesmos pode atoparse no cadro de obrigas de publicidade activa que pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://secretaria.Universidade de Vigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43>

Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013)

- 19 indicadores publicados.
- 100 % publicado.

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016).

- 49 indicadores publicados.
- 96 % publicado.

Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo

- 17 indicadores publicados.
- 100 % publicado.

Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado (ano 2018) Disposición adicional 54.

- 1 indicador publicado.
- 50% publicado

Estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública.

Segundo o artigo 12 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, desenvolto por dita lei. No artigo 13 da devandita lei indícase que se entende por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún suxeito incluído no ámbito de aplicación da lei e que teñan sido elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

Os límites do dereito de acceso, segundo o artigo 14, cando o acceso á información supoña un prexuízo para: a seguridade nacional; a defensa; as relacións exteriores; a seguridade pública; a prevención, investigación e sanción de ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios; á igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva; funcións administrativas de vixilancia, inspección e control; os intereses económicos e comerciais; a política económica e monetaria; o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial; a garantía da confidencialidade ou o segredo requirido en procesos de toma de decisións; e a protección do medio ambiente. A aplicación destes límites debe ser xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade, atendendo ás circunstancias do caso concreto.

A Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno de Galicia, no seu artigo 24, exprésase en termos similares cando indica: todas as persoas teñen dereito de acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia. Entendendo por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato e soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Durante o 2021 recibíronse un total de 18 solicitudes de datos que se amparan nas leis e artigos anteditos. Con respecto aos datos do 2019 hai un descenso de unha petición amparada no dereito de acceso.

As 18 solicitudes recibidas deron lugar a un total de 17 resolucións, todas elas estimadas e concedidas. Procedeuse ao arquivo dunha solicitude, debido a que se requiriu á persoa solicitante que especificase a información solicitada, requirimento ao que non contestou.

DEREITO DE ACCESO. EVOLUCIÓN 2018 - 2021.

TIPO DE RESOLUCIÓN	2018	2019	2020	2021
Concesión	20	23	17	17
Concesión parcial	–	1	1	–
Arquivo	–	1	1	1
Denegación	–	1	1	–

Con respecto á forma en que se solicitaron as peticións: 13 foron realizadas a través do formulario web posto á disposición das persoas usuarias, que se pode atopar no Portal de Transparencia, 3 a través de correo electrónico e 2 no rexistro da Universidade. Confirmando así a tendencia a facer uso do formulario que se atopa no Portal de Transparencia.

DEREITO DE ACCESO. MEDIO DE PEDIMENTO 2018-2021.

MEDIO DE PEDIMENTO	2018	2019	2020	2021
Portal formulario.	9	10	13	13
Correo electrónico	6	8	4	3
Rexistro	3	8	2	2
Valedora do Pobo	2	0	0	0

Das 18 solicitudes recibidas 12 foron de asignadas á Secretaría Xeral e 6 á Unidade de Análises a Programas, correspondendo as da Secretaría Xeral a peticións de documentos e as asignadas a UAP a petición de datos. Os temas dos que tratan son variados, dende datos relativos a cuestións académicas, tales como número de persoas matriculadas, pero tamén destacan as informacións solicitadas sobre recursos e sentenzas, actas de procesos selectivos ou datos de persoal.

O tempo medio de resposta é de 21,65 días, empeorando en 0,62 o tempo medio do ano 2020. Facendo unha análise polo miúdo podemos destacar o seguinte: 4 das solicitudes son respondidas nos 10 primeiros días dende a solicitude; 10 solicitudes son contestadas entre os 11 e os 30 días. Tres peticións de datos son contestadas pasados os 30 días, o que implica que foron contestadas fora de prazo, e unha delas foi contestada aos 46 días tras a ampliación do prazo da mesma.


Con respecto ao sexo das persoas que fan as solicitudes 14 delas son homes e 4 son mulleres. Destas persoas hai unha que realiza un total de 5 solicitudes diferentes, as restantes realizan unha única petición. É interesante recollelo posto que implica que as persoas consideran que o sistema de acceso é un medio adecuado e efectivo para acceder a información e repiten no seu uso.

DEREITO DE ACCESO. TIPO DE INFORMACIÓN E TEMPO MEDIO DE RESPOTA.

Tipo de información					TEMPO MEDIO DE RESPOTA			
	2018	2019	2020	2021	2018	2019	2020	2021
Datos (UAP)	7	8	4	6	16,33	8,12	2,75	8,5
Documentos (Secretaría Xeral)	13	18	15	12	21,93	27,38	27	27,66

Portal de transparencia.

XESTIÓN DA INFORMACIÓN NO PORTAL DE TRANSPARENCIA.




A Universidade de Vigo, afianzando o seu compromiso coa transparencia, ten á disposición da cidadanía o seu [Portal de Transparencia](#) distribuído nos seguintes **dez bloques**: información institucional, información económica e orzamentaria, información sobre o persoal, perfil do profesorado, oferta e demanda académica, Responsabilidade social, Rankings e distincións, Universidade de Vigo en cifras, Acceso aberto e dereito de acceso. Ademais prodúcese o cambio de denominación do apartado docencia que pasa a denominarse oferta e demanda académica, recollendo información dos estudos e titulacións que poden cursarse na Universidade de Vigo, as guías docentes de ditos estudos, a demanda académica dos estudos de grao, mestrado e doutoramento, así como bolsas, axudas e asesoramento que pode recibir o estudantado.

Cada un destes bloques engloba información de diverso tipo, dende as axendas institucionais, a normativa, pasando pola información de diversos indicadores académicos ou os relativos á dereito de acceso á información pública. Nestes momentos a aplicación informática que sustenta o Portal de Transparencia non permite extraer os datos relativos a cales son os apartados, ou información, máis consultada dentro do mesmo.

Dentro da **xestión diaria** do Portal de Transparencia debemos destacar que se publican un total de **156 actualizacións de ficheiros e informes** ao longo do ano, **26** máis que no 2020. A publicación

deste ficheiros implica, en primeiro lugar, a recollida de datos de diversos servizos e unidades da Universidade de Vigo. A recollida de información é realizada pola UAP, en diversos momentos ao longo do ano, un total de cento dúas peticións de datos e información que deben ser logo elaborada. Sobre a información recollida a UAP realiza diversas actividades e cálculos, como poden ser o cálculo de equivalencias a tempo completo, ou a realización de táboas e gráficos para facer máis comprensible e aumentar a usabilidade da información. Os datos recollidos e elaborados tamén se utilizan para a participación en diferentes rankings e a realización de estatísticas oficiais.



Dos 156 ficheiros que se publican no Portal de Transparencia, 83 son no apartado de Universidade de Vigo en cifras, o que implica máis dun 53,2 % do total publicado, un dous por cento máis que o ano 2020. O segundo apartado que acumula máis actualizacións é o de Información económica e orzamentaria, con 33 arquivos, o que implica un total dun 21,2 % das actualizacións realizadas.

PUBLICACIÓNS POR APARTADO NO 2021.

APARTADO.	NÚMERO DE PUBLICACIÓNS
UVigo en cifras	83
Información económica e orzamentaria	33
Responsabilidade social	15
Información sobre o persoal	9
Información institucional	6
Dereito de acceso	3
Rankings e distincións	3
Oferta e demanda de prazas	1

Con respecto ao mes que máis publicacións acumula no 2021 é o de xullo, con 24 ficheiros, seguido por abril con 23. Os meses de febreiro e setembro son os meses que menos publicacións teñen, con 8 e 7 respectivamente. En calquera caso, non debemos esquecer que o importante non é o número de ficheiros que se publican, senón a complexidade da información e tratamento da mesma, así como a súa utilidade.

Durante o 2021 segue ampliándose progresivamente a información dalgúns dos arquivos xa existentes, mellorando a súa capacidade de aportar novo coñecemento sobre diferentes items, afinando a súa preparación e destacando a información máis relevante dos mesmos. É importante resaltar que no 2021 se crean 9 novos arquivos

de información que non se publicaban con anterioridade. A nova información publicada no 2021 é a que se reflicte na seguinte táboa.

NOVA INFORMACIÓN PUBLICADA NO 2021.

INFORMACIÓN.	APARTADO
2020_Gastos COVID_19	Información económica e orzamentaria
Actualización ficheiro retribucións equipo de goberno e cargos académicos	Información sobre o Persoal
Balance Eléctrico 2020	UVigo en cifras
Fenda salarial do PDI nas Universidades Públicas españolas e na Uvigo	UVigo en cifras
Informe de fiscalización do período 2015_2018 Por parte de Consello de Contas de Galicia	Información económica e orzamentaria
Plan de financiamento do Sistema Universitario Galego 2022_2026	Información económica e orzamentaria
Prácticas no estranxeiro	UVigo en cifras
Resolución reitoral pola que se adaptan as plicas de cláusulas administrativas particulares ó dispostos no Código Ético Institucional da Xunta de Galicia e as plicas das cláusulas administrativas á execución dos fondos “Next Generation EU”,	Información institucional
Titulación oficiais rendemento, novo indicador Grading Systems	UVigo en cifras

Ademais desta información, que ten unha actualización manual, unha parte dos indicadores que se atopan no Portal de Transparencia, sobre todo os que se poden consultar no apartado de Universidade de Vigo en cifras, teñen unha actualización automática, tomando información directamente doutras aplicación de xestión como Xescampus. A pesar de que existe esta actualización automática a UAP realiza comprobacións periódicas sobre ditos informes, e responde as consultas e dúbidas que sobre o mesmos trasladan as persoas que coordinan as actividades de calidade das titulacións.

DATOS SOBRE A INFORMACIÓN MÁIS CONSULTADA NO PORTAL DE TRANSPARENCIA.

No artigo número 22 do Regulamento de Transparencia da Universidade de Vigo, na súa letra c), indícase que o informe anual debe conter os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos.


A información publicada en anos anteriores neste apartado era máis detallada e enriquecida coa información da porcentaxe de persoas usuarias por país, por cidade, por idioma, por frecuencia semanal ou mensual, polo tipo de dispositivos ou o tráfico medio. Ó quedar desahabilitado o sistema de “cookies” da aplicación Google Analytics no

Portal de Transparencia e na web institucional, non se pode ofrecer a información que antes se incorporaba no informe de transparencia. O único dato dispoñible foi que o número de visitas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021 ascendeu a un total de **72.712** visitas.

Non foi posible tampouco obter do total de visitas o dato desagregado por cada páxina do Portal de Transparencia, polo tanto, non se pode ofrecer no presente informe o número de visitas clasificadas polas diferentes seccións e páxinas da web de transparencia.

TÁBOA DE NÚMERO DE VISITAS 2017-2021.

Vistas.	2017.	2018.	2019.	2020	2021	% de variación 2020-2021.	% acumulada a 2017-2020.
Número total de visitas	61.924	70.082	71.093	65.736	72.712	9,81 %	17,42 %



Reclamacións presentadas ante a Comisión de Transparencia de Galicia.

Segundo o artigo 24 da Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro) fronte a toda resolución, expresa ou presunta, en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativo. As resolucións de dito Consello deben ser publicadas, previa disociación dos datos de carácter persoal que contiveran, por medios electrónicos unha vez se teñan notificado ás persoas interesadas.

Así mesmo, no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, as reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública poderán interpoñerse perante o Valedor do Pobo e deben ser publicadas no Portal de transparencia da entidade. Segundo o artigo 33 da mesma lei créase a Comisión de Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo. Debe ser a Comisión de Transparencia a que resolva as reclamacións fronte ás resolucións de acceso que establece o artigo 28 desta lei.

Dende que se establece o procedemento para a presentación de solicitudes do dereito de acceso a Universidade de Vigo tivo unha reclamación no ano 2016 e dúas ao ano 2018. No 2019, a Universidade de Vigo non tivo ningunha reclamación presentada contra a denegación de solicitudes de dereito de acceso. No 2020 presentouse unha que foi estimativa para a persoa reclamante.

No 2021 presentouse unha reclamación ante a Comisión de Transparencia que foi inadmitida,

O contido de ditas resolucións, por parte da Comisión de Transparencia de Galicia poden ser consultada no seguinte enlace:

<https://secretaria.Universidade de Vigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/43>

Posición nos rankings de transparencia.

FUNDACIÓN COMPROMISO Y TRANSPARENCIA (FUNDACIÓN HAZ)

A Fundación Compromiso y Transparencia (agora denominada Fundación Haz), coa misión de fortalecer a confianza da sociedade nas institucións e empresas promovendo a transparencia, o bo goberno e o compromiso social, realiza diversas publicacións, entre elas o “*Examen de transparencia. Informe de transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas*”. Este informe realízase dende o ano 2011 e é de axuda inestimable para que as universidades públicas poidan continuar progresando na transparencia na web. O obxectivo principal dos informes desta fundación é impulsar a transparencia na web e desenvolver un conxunto de áreas e indicadores comúns a partir dos cales as universidades poidan ir enriquecendo a súa rendición de contas. No ano 2016 esta fundación xa informaba que tomaba a decisión de dar por finalizada a serie de rankings anteriores, comezando cunha nova xeración que inclúa indicadores máis centrados en aspectos relacionados coa gobernanza das universidades e o seu impacto na sociedade. Iniciando, ao mesmo tempo un proceso de consulta para determinar cal sería a metodoloxía que se considera máis adecuada ao respecto.

No 2021 a Fundación Haz non publicou o que sería a súa edición 2020 do Informe de transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas, nembargantes a Universidade de Vigo fixo público os dous últimos indicadores que tiña pendente e que non cumprira no informe do ano 2019.

- Publicación do Plan estratéxico.
- Publicación do Informe de control polo Consello Social.

De haberse feito o devandito informe, a Universidade de Vigo cumpriría todos os indicadores demandados pola Fundación Haz na avaliación sobre transparencia que recolle nos seus informe. No anexo I deste informe pode verse a relación de indicadores e a ligazón onde se poden consultar.

DYNTRA (DINAMIC TRANSPARENCY INDEX)

Por outra banda, no 2017 a plataforma Dyntra (DinamicTransparencyIndex) xorde como a primeira plataforma colaborativa no mundo, que traballa na medición e xestión do goberno aberto nas organizacións e na sociedade civil. O seu obxectivo é medir a información pública de Gobernos, Administracións Públicas, partidos políticos, cargos electos e diferentes actores sociais, dunha maneira dinámica, eficiente, transparente e aberta. Esta organización, a través dunha plataforma colaborativa, avalía un total de 137 indicadores para determinar o grao de transparencia das universidades.

Na consulta realizada en setembro do 2021 a posición da Universidade de Vigo era a segunda, cumprindo cun total de 126 dos 137 indicadores referidos, o que implica un 91.97 % de grao de cumprimento. Debemos de ter en conta que se trata dun ranking absolutamente dinámico polo que a posición dunha institución varía constantemente, en función do grao de cumprimento de indicadores en cada momento.

POSICIÓN	ENTIDAD	ÍNDICE	PORCENTAJE
1	 Universidad de Valladolid	127 de 137 indicadores	92.7%
2	 Universidade de Vigo	126 de 137 indicadores	91.97%
2	 Universidad de Burgos	126 de 137 indicadores	91.97%
4	 Universidad de Murcia	123 de 137 indicadores	89.78%
5	 Universidad Rey Juan Carlos	121 de 137 indicadores	88.32%
6	 Universidad de A Coruña	113 de 137 indicadores	82.48%
7	 Universitat de les Illes Balears	112 de 137 indicadores	81.75%
8	 Universitat de Girona	110 de 137 indicadores	80.29%
8	 Universidad de Alcalá	110 de 137 indicadores	80.29%
8	 Universidad Complutense de Madrid	110 de 137 indicadores	80.29%


Fonte: Dyntra (<https://www.dyntra.org/indices/universidades/>)

O indicador actualizado durante o 2021 foi o Due426 Existe un visor de Transparencia Económica-Financeira onde se amosen os datos do orzamento e o seu estado de execución de forma gráfica, clara, accesible e entendible pola cidadanía.

Algúns indicadores que non cumpría durante o 2021 á Universidade de Vigo, segundo os diferentes apartados:

- Due119 A declaración da renda do Reitor/a e Vicerreitores/as.
- Due1111 A declaración patrimonial, bens e actividades do Reitor/a e Vicerreitores.
- Due125 A declaración patrimonial, bens e actividades do Secretario Xeral, Xerente e Decanos/as.
- Due127 Existe enlace a redes sociais do Secretario/a Xeral, Xerente e Decanos/as.
- Due146 Publícase o inventario de Bens e Dereitos da Universidade.
- Due1614 Existe e publícase un Plan de Absentismo Laboral.
- Due215 Existe un módulo na web institucional que permita a accesibilidade universal á información publicada.
- Due241 Existe un portal Open Data.
- Due321 Existen ferramentas que permitan a consulta e participación do alumnado nos procesos de toma de decisión.
 - Due324 Publícanse estas propostas para a súa deliberación pública.
 - Due325 Publícase a información relativa á Rendición de Contas a través dalgunha ferramenta ou visor, que permita ós cidadáns coñecer o grao de cumprimento dos compromisos electorais do reitor durante a lexislatura.

No seguinte gráfico pode verse a evolución cronolóxica da transparencia na Universidade de Vigo, segundo este ranking.



Fonte: Dyntra (<https://www.dyntra.org/poi/universidade-de-vigo/?prev=indices/universidades>).

Portal de datos en aberto.

OPEN DATA

O regulamento de Transparencia e de Acceso á Información Pública da Universidade de Vigo establece no seu artigo 9 a definición do Portal de datos abertos como “O catálogo de información reutilizable recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos, así como as súas condicións de actualización, de acceso e de utilización. O portal de datos abertos, accesible desde o portal de transparencia, será o punto de acceso ao catálogo de información reutilizable.”

A pesar da aprobación do dito regulamento, polo Consello de Goberno o 9 de novembro de 2017 e o establecido na súa disposición transitoria que indicaba que no prazo de seis meses desde a entrada en vigor se publicaría o portal de datos aberto, pero a data de hoxe aínda non foi posible a súa posta en funcionamento por non dispoñer de medios técnicos propios para a realización dun Open Data propio.

Ao mesmo tempo, como se comentou no apartado de rankings, dispoñer dun Open Data é avaliado por parte do ranking de transparencia DYNTRA, en concreto no indicador “Due241 Existe un portal Open Data”. O feito de non dispoñer de dito indicador implica que este apartado non se atope cumprimentado e polo tanto non pode ser avaliado.

UNIVERSIDADE DE VIGO EN CIFRAS

Aínda que universidade non dispón dun Open Data, o apartado do Portal de Transparencia “Universidade de Vigo en Cifras” ten unha funcionalidade semellante a un catálogo de datos en aberto, posto que dentro del atopamos a información máis relevante da súa actividade. Por tal motivo, o mesmo ranking DYNTRA o avalía no indicador “Due242 Existe un catálogo de datos abiertos relacionado con las competencias y área de actividades de la Universidad”.

ACCESO ABERTO. OPEN ACCESS

No Portal de Transparencia, no ano 2019, creouse unha nova páxina denominada “Acceso Aberto” no que se informa do acceso en aberto, “Open Access”, como parte do que se denomina Ciencia en Aberto, “Open Science”, que implica unha divulgación científica non limitada ás publicacións científicas, un concepto que fai referencia á apertura das publicacións, dos datos de investigación, das metodoloxías, dos procesos de avaliación, nunha contorna de investigación e innovación máis transparente.

Dentro deste apartado, mediante unha ligazón informa da páxina editada pola Biblioteca Universitaria sobre este tema na Universidade de Vigo, cuxos datos están dispoñibles no Repositorio Institucional para o depósito da produción científica INVESTIGO.

Plan de financiamento das universidades de Galicia 2022-2026.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 16 de decembro de 2021 adoptou o acordo polo que aprobou o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026, e contemplou nos cinco anos de vixencia os seguintes obxectivos:

- Establecemento dun horizonte amplo de suficiencia e estabilidade financeira que permita á Xunta de Galicia e ás institucións públicas de ensino universitario na comunidade autónoma o desenvolvemento ordenado das súas políticas no período 2022-2026.
- Definición de criterios de asignación de recursos explícitos, baseados no custo estándar da docencia e na obtención de resultados nos ámbitos fundamentais da actividade universitaria: docencia, investigación e transferencia.
- Estimulación da adecuación da oferta ás demandas sociais, reorientando a oferta docente, potenciando a formación continua e a transferencia tecnolóxica e promovendo a mellora da calidade.

O Plan estrutúrase en dous grandes fondos, e dentro do fondo de financiamento non condicionado inclúe o subfondo denominado “panel de indicadores”, o cal inclúe unha serie de indicadores sobre responsabilidade social e medio-ambiente. Así, un dos indicadores do módulo 6 de responsabilidade social é o indicador de Transparencia universitaria cunha ponderación do 2,5% sobre o total panel de indicadores por resultados e estableceuse o seguinte criterio de medición:

[PAIRS2-Transparencia universitaria](#)

Definición: A Fundación Compromiso y Transparencia examina a transparencia voluntaria na web, entendida como o esforzo por difundir e publicar a información relevante da organización, facéndoa visible e accesible a todos os grupos de interese, de maneira íntegra e actualizada. Baixo estes principios, analízanse a visibilidade, a accesibilidade, a actualidade e a integralidade da información exposta.

Reparto: O reparto farase de xeito directamente proporcional ao 50% pola puntuación obtida globalmente; e o outro 50% pola posición dentro das tres categorías: transparente (10 puntos), translúcido (5 puntos), e opaco (1 punto)

Fonte: <https://www.compromisoytransparencia.com>

Queda deste xeito vencellado o desempeño na transparencia e coa obtención de recursos financeiros por parte das universidades galegas. No apartado de ranking comentouse que a Universidade de Vigo cumpre o total de

indicadores establecidos pola Fundación Haz (Fundación Compromiso y Transparencia) e polo tanto, no indicador PAIRS 2 pode recibir a totalidade dos fondos ó cumprir un 100% o seu desempeño na transparencia.

Informe de fiscalización do Consello de Contas.

O Consello de Contas aprobou no pleno da sesión de 22 de outubro de 2021 o “Informe de fiscalización das universidades públicas galegas. Universidade de Vigo” no que incide en aspectos de transparencia da universidade.

A Unidade de Análises e Programas como encargada de coordinar as actuacións necesarias para garantir o cumprimento das obrigas de publicidade activa elaborou un informe sobre as consideracións en publicidade verbo do informe de fiscalización do Consello de Contas e que se detallan no anexo II a este informe.

Como resumo das consideracións de publicidade activa que se deben establecer segundo as recomendacións do Consello de Contas, indícase a continuación as accións que se se deben facer na Universidade de Vigo para o seu cumprimento:

- Establecer unha ligazón na páxina de Contratación do Portal de Transparencia á páxina web do antigo perfil de contratación.
- A elaboración dos plans económico-financieiro aprobados para o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- A elaboración da información sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.
- A publicación dos informes sobre contabilidade analítica da universidade.
- Mellorar a información publicada na páxina de Subvencións e axudas do Portal de Transparencia.
- A publicación na plataforma de Convenios o texto íntegro dos convenios e a correspondente memoria.
- Establecemento dun rexistro de entes dependentes.
- E por último, instar a entidades dependentes Cidade Universitaria e Fundación Universidade de Vigo, para que cumpran as obrigas de publicidade activa esixidas na lexislación de transparencia.

Anexo I. Cadro indicadores Fundación Haz (antiga Fundación Compromiso y Transparencia)

Áreas	Indicador	N.º	Portal de transparencia
1. Plan estratégico	1.1. La universidad hará público su misión y el plan estratégico o las líneas generales del mismo, así como su grado de cumplimiento.	1	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5? locale=es
2. Peronal	2.1. La universidad publicará información sobre el personal contratado identificando el género y sus distintas categorías: PAS (funcionarios y laborales) y PDI (funcionarios y laborales) de acuerdo con los diferentes tipos de contrato.	2	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/37? locale=es
	2.2. La universidad publicará información sobre las bandas salariales aplicables a cada una de las categorías.	3	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/4? locale=es
3. Políticas y Gobierno	3.1. La universidad publicará la composición de los miembros de sus principales órganos de gobierno (Consejo Social y Consejo de Gobierno) mencionando sus nombres y apellidos, titulación y responsabilidades de gobierno.	4	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5? locale=es
	3.2. Las universidades públicas y privadas harán públicas las fechas de las reuniones y acuerdos adoptados por sus órganos de gobierno (el consejo de gobierno y del consejo social o su equivalente en las universidades privadas).	5	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5? locale=es
	3.3. La universidad hará públicos sus estatutos y reglamentos de gobierno.	6	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5? locale=es
4. Consejo social: supervisión y rendición de cuentas	4.1. La universidad hará público la dotación presupuestaria del Consejo Social, así como su estructura organizativa.	7	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5? locale=es
	4.2. La universidad hará público un informe de responsabilidad social aprobado por el consejo social que deberá incluir, como mínimo, un análisis de materialidad, identificando las áreas relevantes de información, los canales de diálogo con los distintos grupos de interés e información sobre el cumplimiento de objetivos y metas.	8	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/47? locale=es
	4.3. Informe de actividades del consejo social.	9	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5? locale=es
5. Entidades dependientes	5.1. La universidad publicará el nombre de sus fundaciones y entidades instrumentales dependientes.	10	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5? locale=es

Áreas	Indicador	N.º	Portal de transparencia
6. Oferta y demanda académica	6.1. La universidad publicará el número total de solicitudes, admisiones y matrículas en relación con el número total de las plazas ofertadas por titulación.	11	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/14? locale=es
	6.2. La universidad publicará el porcentaje y evolución de la demanda de plazas con respecto al año anterior	12	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/14? locale=es
7. Personal docente e investigador	7.1. La universidad publicará un breve perfil de sus profesores que contenga el nombre, categoría, dedicación, distinciones y breve currículum vitae de los profesores por departamento o área académica.	13	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/65? locale=es
	7.2. La universidad publicará el porcentaje de profesores extranjeros (contratados e invitados) de su claustro.	14	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/39? locale=es
	7.3. La universidad publicará el porcentaje de profesores contratados que han leído la tesis en la misma universidad que los contrata.	15	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/39? locale=es
8. Alumnos	8.1. La universidad facilitará información sobre los principales canales de representación y comunicación con los alumnos: programas de tutoría, asesoramiento, orientación profesional, etc.	16	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5? locale=es https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/14? locale=es
	8.2. La universidad facilitará información sobre la oferta de becas y ayudas disponibles para sus alumnos.	17	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/14? locale=es https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/8? locale=es
9. Información económica	9.1. La universidad hará público su presupuesto detallado y aprobado correspondiente al año en curso.	18	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/7? locale=es https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/39? locale=es
	9.2. La universidad publicará los principales estados financieros: Balance de Situación y Cuenta de Pérdidas y Ganancias.	19	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/7? locale=es https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/39? locale=es
	9.3. La universidad publicará la memoria explicativa de las cuentas generales.	20	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/7? locale=es https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/39? locale=es

Áreas	Indicador	N.º	Portal de transparencia
	9.4. La universidad publicará el informe completo de la auditoría externa de sus cuentas o el informe del organismo público que se encargue de fiscalizar sus cuentas.	21	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/7? locale=es https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/39? locale=es
10. Resultados	10.1. La universidad hará público los principales resultados relacionados con la labor investigadora de sus profesores: patentes, proyectos de investigación y transferencia de conocimientos y publicaciones JCR.	22	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/36? locale=es
	10.2. La universidad publicará los principales datos relacionados con el rendimiento académico de sus alumnos: porcentaje de alumnos aprobados/ alumnos matriculados, tasa de duración de estudios (promedio de duración de los cursos en relación al plazo oficial previsto), tasa de abandono.	23	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/2? locale=es
	10.3. La universidad hará públicos los índices de satisfacción de los alumnos con los profesores y los servicios.	24	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/7? locale=es
	10.4. La universidad publicará su posición en los principales <i>rankings nacionales</i> y/o internacionales.	25	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/56? locale=es
	10.5. La universidad publicará el número y porcentaje de alumnos fuera de la comunidad y los extranjeros matriculados en sus carreras (degree mobility) y el número y porcentaje de alumnos en programas de movilidad cuyo propósito no sea titularse en España (credit mobility).	26	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/77/99? locale=es https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/51/61? locale=es https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/4? locale=es
	10.6. La universidad facilitará información sobre el porcentaje de inserción laboral de sus graduados y/o la mejora de la empleabilidad de los que ya cuenten con empleo.	27	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6? locale=es

Anexo II. Informe Consello de Contas.

**CONSIDERACIÓNS SOBRE PUBLICIDADE ACTIVA (TRANSPARENCIA)
Ó INFORME DE FISCALIZACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLO
CONSELLO DE CONTAS (22/10/2021)**

O Consello de Contas aprobou no pleno da sesión de 22 de outubro de 2021 o “*Informe de fiscalización das universidades públicas galegas da Universidade de Vigo*” no que incide en aspectos de transparencia da universidade.

O artigo 21.5 do Regulamento de transparencia e de acceso á información pública establece que a Unidade de Análises e Programas será a encargada de coordinar as actuacións necesarias para garantir o cumprimento das obrigas de publicidade activa, e entre elas, a de solicitar a información esixida para o cumprimento das obrigas de publicidade activa e difundila mediante a súa publicación no portal.

Polo tanto, achéganse ás seguintes consideracións para que se teñan en conta por parte das autoridades universitarias e cumprir, por una parte coas obrigas legais en publicidade activa establecidas pola lexislación de transparencia, e por outra parte, seguir mantendo o alto grao de compromiso coa cultura da transparencia e a rendición de contas á sociedade.

Consideración primeira: nivel de publicidade.

O Consello de Contas indica que a Universidade de Vigo ten un axeitado cumprimento das obrigas de publicidade activa en materia económica-financeira fixadas na normativa de transparencia. Afirmar que é a universidade que mellor cumprimento deu á normativa en materia de transparencia das tres que conforman o SUG.

O Consello de Contas avaliou ás obrigas relativas á información económica, orzamentaria e estatística que é de obrigada publicación no Portal de Transparencia segundo o indicado nas leis de transparencia, a *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno* e a *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*.

No cadro 6 e 7 do informe desglósanse un total de 18 ítems cos indicadores de información económica, orzamentaria e estatística que se teñen que publicar, dos cales coa lenda P, información publicada no portal ou web son un total de 14, coa lenda de NP, información non publicada aparecen 3, e coa lenda PID, información publicada de xeito incompleto ou con deficiencias aparece 1.

Os indicadores dos que non se publica información (NP) son os seguintes:

- *Información sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.*

- Os plans económico-financeiros aprobados para o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Contabilidade analítica.

O indicador no que se publica a información (PID) de xeito incompleto ou con deficiencias é o seguinte:

- Subvencións e axudas públicas concedidas.

A UVIGO é a universidade do SUG que publica máis indicadores cun total de 18, fronte a 17 da USC e 16 da UDC, e a que mellor cumpre coa información publicada como se amosa no seguinte cadro resumo:

Universidade	<i>P</i>	<i>NP</i>	<i>PID</i>	Total
UVIGO	14	3	1	18
UDC	6	6	4	16
USC	8	3	6	17

P: Información publicada no portal de transparencia ou na web da Universidade

NP: Información non publicada nin no portal de transparencia nin na web da Universidade

PID: Información publicada no portal de transparencia ou na web da Universidade de xeito incompleto ou con deficiencias

O Consello de Contas tamén valora como positivo que a universidade dispoña dun Regulamento de transparencia e de acceso á información¹, no que se recollen obrigas de publicidade activa e sendo a única universidade do SUG que o ten.

Tamén valora como positivo que no Portal de Transparencia se publique outra información económica, orzamentaria e estatística² que, sen ser esixida pola normativa, considera como relevante cara incrementar a transparencia da universidade.

A información a que se refire o Consello de Contas está publicadada no apartado de Uvigo en Cifras, sección *Xestión económica e contratación* e consta de indicadores orzamentarios (19 informes), indicadores financeiros (1 informe), indicadores de xestión económica (2 informes) e indicadores de contratación (1 informe).

A maiores na web da plataforma colaborativa DYNTRA³ están referenciados ó portal ou a web da Uvigo información sobre 3 indicadores de transparencia económica-financeira e 15 indicadores de contratación de servizos cumpríndose o 100% dos mesmos. Outro tanto se cumpre cos 4 indicadores de información económica avaliados pola Fundación Haz⁴.

¹ <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/3>

² <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/39>

³ <https://www.dyntra.org/poi/universidade-de-vigo/?prev=indices/universidades>

⁴ <https://www.hazfundacion.org/rankings-de-transparencia/sector/universidades-publicas/2019/universidad-de-vigo>

Consideración segunda: nivel de publicidade contratación.

O Consello de Contas considera que a Universidade adoptou as medidas para garantir a transparencia dos procedementos de contratación mesmo antes da entrada en vigor da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

O artigo 8 da Ley 19/2013 e o artigo 13 da Lei 1/2016 establecen os requisitos específicos que se deben publicar en materia de contratación. No Portal de Transparencia⁵ publícase diversa información sobre contratación entre eles gastos de publicidade e propaganda, a facturación en contratos menores e as memorias de contratación dos contratos maiores. Tamén figura unha ligazón directa⁶ á sección da Universidade de Vigo na Plataforma de Contratación do Sector Público onde se pode consultar o perfil do contratante e o resto de información requirida nas leis de transparencia.

Non figura actualmente no Portal de Transparencia a ligazón ós procedementos de contratación anteriores⁷ á publicación da LSPC, pero que é accesible a través doutra páxina do portal da Uvigo. Porase unha ligazón para facilitar o acceso a consulta desa información.

No Portal de Transparencia, ademais da Memoria de Contratación, publícase un indicador de contratación con información estatística do volume global de contratación, tipos de procedementos e formas de adxudicación coa información desde o ano 2015.

Consideración terceira: información sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e estabilidade financeira e os plans económico-financeiros aprobados para o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de financeira.

A publicación deses dous indicadores son unha obriga legal recollida no artigo 11.c da Lei 1/2016, a cal a Universidade de Vigo é un suxeito obrigado a facelo de conformidade co artigo 3.1 da citada norma.

O Consello de Contas indica no seu informe que a Universidade de Vigo está incumprindo as leis de transparencia e recomenda que se publique a información sobre os obxectivos de estabilidade financeira en termos SEC e como tamén obriga o artigo 81.2 da Ley Orgánica de Universidades.

⁵ <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/41>

⁶ <https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=s1%2F9AMlAp3EQK2TEfXGy%2BA%3D%3D>

⁷ https://perfilcontratante.uvigo.es/listado_expedientes.asp?idm_abr=ga

A Universidade de Vigo, por imperativo legal, debe recoller no documento dos orzamentos e na liquidación das contas a información sobre sustentabilidade orzamentaria e financeira (*no pé de páxina pódense ver ligazóns a universidades andaluzas*)⁸.

Consideración cuarta: contabilidade analítica.

O Consello de Contas indica que a Universidade de Vigo ten implantado desde o ano 2013 un sistema de contabilidade analítica e que elaborou os informes cos resultados relativos ós cursos 2015/2016 e 2016/2017, pero non publica os datos obtidos no Portal de Transparencia.

Considera que a publicación dos datos da contabilidade analítica promove a rendición de contas e proporciona unha información útil e máis comprensible á cidadanía sobre os resultados e custos, e polo tanto recomenda a publicación no Portal de Transparencia xunto coas contas anuais porque completa a información contable.

Como modelo para a publicación de informes de contabilidade analítica pode seguirse os publicados por parte da Universidade de Santiago de Compostela dende o 2013⁹ e Universidad de Zaragoza dende o ano 2008.¹⁰

Consideración quinta: Subvencións e axudas públicas concedidas.

O Consello de Contas considera que a información publicada no Portal de Transparencia sobre as subvencións e axudas públicas concedidas é insuficiente ou ben non reúne os estándares mínimos esixidos. No caso das subvencións considera que non se identifica a finalidade da mesma. Tamén considera que non é consistente a información publicada no Portal de Transparencia coa ofrecida nas Contas anuais.

No Portal de Transparencia publícanse dous ficheiros Excel relativos ás subvencións financiadas e as bolsas de estudo e colaboración concedidas:

- O ficheiro de subvencións financiadas provén dos datos de rexistro de facturas, cuxa fonte é a información contida base de datos de MUS. O período de referencia é o ano natural.

⁸ <https://transparencia.uca.es/wp-content/uploads/2021/07/2019-UCA-Cumplimiento-objetivos-estabilidad-y-sostenibilidad-ano-2020.pdf>
<http://transparencia.uhu.es/transparenciaUHU/catalogo/estado-de-consolidacion-presupuestaria>
http://servicio.us.es/gesteco/presupuesto-cuenta/cuentaliq-2020/4_memoria.pdf

⁹ <https://www.usc.gal/gl/goberno/xerencia/contabilidadeanalitica>

¹⁰ <https://www.unizar.es/institucion/informe-de-contabilidad-analitica>

- O ficheiro de bolsas de estudos e colaboración provén dos datos que se cargan na plataforma estatística de SIIU cos datos das bolsas e axudas propias da Universidade de Vigo. A fonte de datos é o Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos. O período de referencia é o curso académico.

O Consello de Contas non explica porque considera que a información publicada é insuficiente ou que non reúne os estándares mínimos esixidos, e polo tanto, coñecer a causa da deficiencia. A información publicada nos ficheiro arriba comentados faise de acordo o indicado no apartado 8.1.c da Ley 19/2013, por outra parte, a universidade tamén cumpre o indicado no artigo 17.1 da Ley 1/2016, o publicar o texto íntegro da convocatoria de axudas, e as concesións, na plataforma de Convocatorias¹¹ e na Sede Electrónica¹². Tamén se vai a publicar dita información na Base de Datos Nacional de Subvencións¹³.

En todo caso, tratarase de mellorar a información publicada na páxina de Subvencións do Portal de Transparencia cunha ligazón á memoria de actividades do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos, xa que logo, dita memoria recolle exhaustivamente información sobre o importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios das axudas concedidas pola Universidade de Vigo. Tamén se poñerán ligazóns á plataforma de convocatorias e o Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica.

Por outra banda, a Universidade de Vigo ten que identificar correctamente como pide o Consello de Contas a finalidade das subvencións concedidas. A información publicada na plataforma de convenios¹⁴ non é suficiente, xa que logo, só se está a publicar o nome do convenio, tipo de convenio, estado, data de sinatura e data fin, pero o non publicarse o texto non se pode coñecer a finalidade da concesión da subvención.

O artigo 15 da Lei 1/2016 indica as obrigas específicas de información sobre convenios que teñen que cumprir os suxeitos citados no artigo 3.1.a de dita lei. Aínda que ese artigo non sexa de aplicación directa a Universidade de Vigo por ser suxeito establecido no artigo 3.1.b, como unha boa práctica de transparencia, debería publicar o texto íntegro dos convenios e ademais da memoria ou informe correspondente¹⁵.

Consideración quinta: rexistro de entes dependentes

¹¹ <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

¹² <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

¹³ <https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

¹⁴ <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convenios/public/convenio/show/8971>

¹⁵ <https://convenios.xunta.gal/consultaconvenios/busqueda-convenio/convenio/2021-0166>

O Consello de Contas indica que a Universidade de Vigo non dispón formalmente dun rexistro onde figuren todas as entidades nas que participa.

No Portal de Transparencia na sección de *Información Institucional* infórmase das entidades vinculadas coa Universidade de Vigo, unha ligazón á Fundación Universidade de Vigo e Cidade Universitaria, na que tamén se inclúe outra ligazón para ambas coa rendición de contas na páxina do Consello de Contas, outra ligazón ás entidades vinculadas de investigación e outra ligazón á participación da Uvigo en empresas. Esta última ligazón descarga un ficheiro excel coa relación de empresas, spin-off, centros tecnolóxicos e fundacións, hubs de innovación dixital, clústers e asociacións profesionais de transparencia.

A información publicada no Portal de Transparencia é incompleta respecto dalgunhas entidades recollidas no cadro 91 da relación de entidades participadas pola Universidade de Vigo que elaborou o Consello de Contas no seu informe. É necesario polo tanto, dispoñer dun rexistro ou inventario actualizado cos datos das entidades vinculadas que sirva de fonte para os datos que se publiquen no Portal de Transparencia.

Consideración sexta: entidades dependentes

O Consello de Contas considera como entidades dependentes da Universidade de Vigo á Fundación Universidade de Vigo (FUVI) e a Cidade Universitaria, S.A. (CUSA). No apartado de recomendacións indica que nos orzamentos da Universidade de Vigo se inclúan os estados previsionais das entidades dependentes e asemade nas contas anuais. Tamén recomenda impulsar o cumprimento das obrigas de publicidade activa por parte das entidades dependentes.

O Consello de Contas indica no seu informe que CUSA¹⁶ non ten un Portal de Transparencia na súa páxina web e non ofrece información económica-financeira esixida pola normativa en materia de transparencia como a relativa a información básica sobre o financiamento, orzamentos, contas anuais da entidade e informe de auditoría das contas anuais e contratos menores.

O Consello de Contas analiza a información publicada no Portal de Transparencia¹⁷ da FUVI (enténdase sección de transparencia), no que indica que se publican os plans de actuación e as contas anuais, como o correspondente informe de auditoría. No informe repara que non se publica información sobre contratos menores, endebemento, subvencións recibidas e concedidas, financiamento e teito de gasto. A conclusión do Consello de Contas que a información proporcionada non é suficiente para cumprir os requisitos esixidos pola normativa de

¹⁶ <http://www.cidade-universitaria.com/>

¹⁷ <https://fundacionuvigo.es/a-fundacion/actividades/>

transparencia. Tamén indica como feito posterior, que na web da fundación se publicou información referida o exercicio 2020 sobre elementos non publicados anteriormente.

O Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo é de aplicación as entidades dependentes como son a Fundación e a Cidade Universitaria segundo o establecido no seu artigo 3, que indica “*Este regulamento aplicarase á Universidade de Vigo e ás entidades vinculadas ou dependentes, incluídas as sociedades mercantís, as fundacións e outros entes instrumentais.*”

En cumprimento do establecido no artigo 7.3 do Regulamento, no Portal de Transparencia publícase na sección de Información Institucional as entidades vinculadas¹⁸ cunha ligazón á páxina da FUVI e de CUSA. A maiores, tamén se puxo unha ligazón á web do Consello de Contas de Galicia indicando como acceder as contas rendidas ante o mesmo pola FUVI e CUSA.


O artigo 21.6 de dito Regulamento establece o seguinte “*Correspóndelles aos titulares e cargos directivos das entidades dependentes e vinculadas adoptar as medidas necesarias para cumprir a normativa sobre transparencia no seu ámbito de actuación.*”, polo tanto, os responsables das entidades dependentes teñen que asumir as súas responsabilidades en transparencia activa.

Como resumo das consideracións de publicidade activa que se deben establecer segundo as recomendacións do Consello de Contas, indícase a continuación as accións que se se deben facer na Universidade de Vigo:

- Establecer unha ligazón na páxina de *Contratación* do Portal de Transparencia á páxina web do antigo perfil de contratación.
- A elaboración dos plans económico-financeiro aprobados para o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
 - A elaboración da información sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.
 - A publicación dos informes sobre contabilidade analítica da universidade.
 - Mellorar a información publicada na páxina de *Subvencións e axudas* do Portal de Transparencia.
 - A publicación na *plataforma de Convenios* o texto íntegro dos convenios e a correspondente memoria.
 - O establecemento dun rexistro de entes dependentes.

¹⁸ <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5>

- E por último, instar a entidades dependentes Cidade Universitaria e Fundación Universidade de Vigo, para que cumpran as obrigas de publicidade activa esixidas na lexislación de transparencia.



Información de contacto

Unidade de Análises e Programa

Edificio Filomena Dato.

As Lagoas Marcosende s/n.

36310 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: 986 818 689

<https://www.Universidade de Vigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-analises-programas>

